



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Betanzos

Data: 25/04/22 12:30:05

Exposición: 25/04/22 09:00:00 a ...

Anuncio

URBANISMO

ORDE DE EXECUCIÓN POLO MAL ESTADO DO INMOBLE SITUADO NA RÚA SAN FRANCISCO Nº 18

Informacion:

EXP: 2022/G003/000486

En relación co expediente reseñado ao final do presente anuncio, tentouse practicar, sen efecto, a notificación a uns interesados no último domicilio coñecido, conforme ao establecido no artigo 42 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ante este resultado infrutuoso e en cumprimento do establecido no artigo 44 da referida Lei 39/2015, de 1 de Outubro, procédese a publicar o presente anuncio, significando que, dado que este acto non se publica na súa integridade, de conformidade co previsto nos artigos 45 e 46 da mesma lei, o texto íntegro da resolución que se notifica atópase a disposición, xunto co resto da documentación do expediente, dos interesados ou os seus representantes, que deberán comparecer no prazo máximo de 15 días naturais, contados dende o día da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial do Estado, en horario de nove a catorce horas, de luns a venres, con excepción dos días inhábiles, no Departamento de Urbanismo do Concello de Betanzos, C/Plaza de Galicia número 1. A efecto do cómputo de prazos do procedemento administrativo para a presentación de posibles alegacións ou recursos segundo proceda, a data de notificación é a do día seguinte deste anuncio no Taboleiro Edictal Único do BOE. Cando transcorrido dito prazo non se houbera comparecido, a notificación entenderase producida a tódolos efectos legais dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado para comparecer.

EXPEDIENTE: 2021/I004/000004

NOTIFICADO: NOVA BRIGANTIA S. L.

ASUNTO: NOTIFICACIÓN ORDE EXECUCIÓN EN R/ SAN FRANCISCO Nº 18, SEGUNDO DECRETO 484/2022